Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 7 de febreiro de 2025

[RRC/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** o día **7 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Julio García Comesaña
(Presidente)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P)
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de Paula Prado del Río)
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
José Alberto Pazos Couñago
Carmen María Pomar Tojo
María Felisa Rodríguez Carrera
Katherinie Varela Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
Daniel Castro García
(en substitución de Iria Taibo Corsanego)
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey

Comparecentes:
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Directora xeral de Administración Local
Director xeral de Emerxencias e Interior

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes. Logo da súa constatación, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Debate e votación do proxecto da Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028

13228 (12/PEP-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto da Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 21.10.2024

A Presidencia informa que, tendo presente o mandato conferido pola Mesa do Parlamento á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, para a tramitación do Proxecto da Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028, e a comparecencia do director xeral nesta Comisión o pasado día 16 de outubro para dar conta do devandito proxecto, a Mesa da Comisión acorda a ordenación seguinte:

En primeiro lugar intervirá o director xeral para a exposición e defensa por un tempo non superior aos quince minutos, a continuación abrirase unha rolda de grupos parlamentarios por un tempo de oito minutos, aos que lle contestará o representante da Xunta de Galicia por un tempo indicativo de cinco minutos.

Deseguido suspenderase a sesión por un tempo máximo de trinta minutos, para que os grupos parlamentarios poidan presentar no Rexistro da Cámara as correspondentes propostas de resolución; unha vez admitidas pola Mesa da Comisión aquelas propostas que sexan congruentes coa materia obxecto de debate, abrirase unha rolda de exposición e defensa das propostas admitidas por un tempo máximo de dez minutos para, a continuación, proceder á votación das propostas de resolución segundo a orde de presentación, agás daquelas que pidan o rexeitamento global do proxecto, que serán votadas en primeiro lugar e, finalmente, procederase á votación do Proxecto da Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028 coas propostas de resolución, se é o caso, incorporadas.

Xa que logo, concédelle a palabra ao **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Jesús María Gamallo Aller,** quen procede a informar aos membros desta comisión sobre o proxecto de Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028.

PARLAMENTO DE GALICIA

A seguir, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios para que os seus voceiros formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que interveñen a **señora Castro Rey, Paloma (S), o señor Castro García, Daniel (BNG) e a señora Varela Fernández, Katherinie (P).**

Péchase o debate desta comparecencia cunha nova intervención do **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús María Gamallo Aller,** quen responde ás consideracións formuladas, á vez que se reitera na solicitude de apoio de todos os grupos parlamentarios ao texto debatido.

Ao remate da comparecencia o presidente suspende a sesión por un tempo de trinta minutos para que os grupos parlamentarios poidan presentar as correspondentes propostas de resolución sobre o tema de debate en cuestión.

Suspéndese a sesión ás 11.30 horas.

Reiníciase a sesión ás 12.00 horas.

Reiniciada a sesión a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde do día, consistente en tramitar a continuación o punto segundo, para a continuación retomar o debate do punto primeiro.

Xa que logo, procédese ao trámite do punto segundo da orde do día:

Punto 2. Preguntas:

2.1 15870 (12/POC-002477)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar
Sobre as achegas da Xunta de Galicia ás entidades locais para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f3, do 10.01.2025

A Presidencia, logo de agradecerlle á representante da Xunta de Galicia a boa disposición para adiantar o debate desta pregunta sobre o horario previsto, concédelle a palabra ao **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)**, quen comeza a súa intervención amosando o malestar do seu grupo pola falta de resposta en prazo e forma pola Xunta de Galicia a nove preguntas que sobre este tema lle foron formuladas por escrito; pasando a continuación a formular as cuestións que figuran nesta iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

PARLAMENTO DE GALICIA

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso.**

En rolda de réplica o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** amósase moi crítico coa intervención da directora xeral, pois considera que non contestou as preguntas formuladas, como tampouco fixera anteriormente coas formuladas por escrito, o que considera unha falta de respecto, non só ao Parlamento senón tamén á cidadanía galega.

A **directora xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso,** pecha o debate desta iniciativa rebatendo moitas das argumentacións expostas polo señor deputado, pois considera que si deu resposta ao que se formula na pregunta, ao tempo que amplía a información sobre algunhas cuestións concretas.

A Presidencia reitéralle o agradecemento á señora Prieto Viso e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

2.2 17041 (12/POC-002921)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre as funcións que están realizando os auxiliares da Policía Local do Concello da Laracha e as condicións de supervisión en que as desenvolven
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146f2, do 28.01.2025

A Presidencia, logo de agradecerlle ao representante da Xunta de Galicia a boa disposición ante esta alteración da orde día, concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, que pasa a expoñer os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, ampliando os expresados por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral de Emerxencias e Interior (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Santiago Villanueva Álvarez**.

Na rolda de réplica a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, amosa a súa insatisfacción coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate pois considera que non contestou a todo o que se formula na iniciativa.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva Álvarez**, matizando moitas das afirmacións realizadas pola señora deputada e puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia reitéralle ao director xeral de Emerxencias e Interior a boa disposición coa Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Rematado o debate das pregunta o presidente retoma a orde do día para continuar co debate do punto primeiro e suspende novamente a sesión para facilitar que os grupos estuden posibles transaccións.

Suspéndese a sesión ás 13.00 horas.

Reiníciase a sesión ás 13.35 horas.

A Presidencia abre unha rolda de grupos parlamentarios para exposición e defensa das propostas admitidas –por un tempo de tres minutos–, e, concédelle a palabra, en primeiro lugar, ao **señor Castro García, Daniel (BNG)**, quen expón e defende sucintamente as doce propostas de resolución presentadas polo seu grupo (doc. núm. 19597) e anuncia a aceptación da primeira transacción e o rexeitamento das restantes. En canto as propostas do G.P. dos Socialistas de Galicia anuncia a súa abstención en todas elas.

En segundo lugar intervén a **señora Castro Rey, Paloma (S),** para defender e explicar sucintamente o contido das dezasete propostas de resolución presentadas polo seu grupo (doc. núm. 19594) e agradecer que se aceptaran dúas delas e se chegaran a acordos de transacción en cinco. En canto ás propostas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego anuncia que comparte o contido da maioría pero non das núm. 6, 7, 9 e 11, nas que se van abster; e en canto a emenda do G.P. Popular de Galicia amosa o seu apoio á mesma.

En terceiro lugar intervén polo **G.P. Popular de Galicia a señora Varela Fernández, Katherinie**, para a defensa da proposta de resolución presentada polo seu grupo (doc. núm. 19606), á vez que expón unha serie de matizacións a respecto das achegas dos voceiros dos demais grupos parlamentarios e explica os motivos polos que o seu grupo non vai admitir algunhas das súas propostas.

A seguir, o señor presidente somete a votación as devanditas propostas de resolución:

-Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 19597):

En primeiro lugar, sométense conxuntamente a votación as propostas de resolución núms. 3 e 5, e a transacción núm. 1, que resultan **aprobadas pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas** presentes con dereito a voto.

En segundo lugar sométense conxuntamente a votación as propostas de resolución núms. 6, 7, 9 e 11, que resultan **rexeitadas** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos a favor:..... 5
Votos en contra: 9
Abstencións: 2

En terceiro lugar sométense conxuntamente a votación as restantes propostas de resolución, núms. 2, 4, 8 e 10, que resultan **rexeitadas** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

-Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 19594):

En primeiro lugar, sométense conxuntamente a votación as propostas de resolución núms. 4 e 9, e as transaccións núms. 2, 3, 8, 10 e 11, que resultan **aprobadas** por:

Votos a favor:..... 11
Votos en contra: 0
Abstencións: 5

A continuación sométense conxuntamente a votación as restantes propostas de resolución, núms. 1, 5, 6, 7, 12, 13, 14, 15, 16, e 17, que resulta **rexeitadas** por:

Votos a favor:..... 2
Votos en contra: 9
Abstencións: 5

-Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 19606):

Sométese a votación a proposta de resolución do G.P. Popular de Galicia, que resulta **aprobada pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas** presentes con dereito a voto.

Finalmente sométese a votación o Proxecto de Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028 coas propostas de resolución incorporadas, resultando **aprobado** por:

Votos a favor:..... 9
Votos en contra: 0
Abstencións: 7

Xa que logo, queda aprobado o Proxecto de Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028, coas seguintes propostas de resolución:

PARLAMENTO DE GALICIA

G. P. Popular de Galicia

Proposta de resolución:

O Parlamento de Galicia acorda modificar o título do Proxecto de Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028, para efectuar a correspondente adaptación temporal do seu título: Proxecto de Estratexia Galega de Acción Exterior 2025-2029.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Transacción coa proposta de resolución número 1:

Valoración a metade de exercicio da execución da EGAEX e outra final, acorde con este tipo de textos.

Proposta de resolución número 3

A Xunta de Galicia aumentará e consolidará de xeito progresivo o financiamento destinado á cooperación internacional e ao desenvolvemento, co obxectivo de que o investimento permita a creación de estruturas que favorezan e melloren o traballo do Goberno galego.

Proposta de resolución número 5

A Xunta de Galicia actuará coa maior das dilixencias para que a posta en marcha do Observatorio da Lusofonía estea en funcionamento o antes posible.

G. P. dos Socialistas de Galicia

Transacción coa proposta de resolución número 2

A Unión Europea deseñou un paquete de axudas para mitigar os efectos económicos da crise sanitaria e para promover unha transición cara a unha economía máis verde, dixital e resiliente. Os fondos Next Generation EU son un compoñente crucial para o desenvolvemento e a recuperación económica dos territorios europeos tras a pandemia da covid-19. Supuxeron un cambio de paradigma e de resposta ante unha gran crise e unha axuda fundamental para garantir que todos os territorios europeos, independentemente do seu nivel de desenvolvemento, teñan unha recuperación económica xusta e sustentable.

Os fondos son particularmente importantes para os diferentes territorios da UE por varias razóns:

— Redución de desigualdades rexionais: garantir que todas as rexións de Europa, incluídas as máis afectadas pola crise e as menos desenvolvidas, teñan acceso aos recursos necesarios para a súa recuperación.

— Fomento da transición verde: promoción dunha economía máis sustentable. Os proxectos que apoian as enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a economía

PARLAMENTO DE GALICIA

circular e a adaptación ao cambio climático son cruciais para alcanzar os obxectivos do Pacto Verde Europeo.

— Impulso á dixitalización: co obxectivo de impulsar a adopción de novas tecnoloxías en todos os sectores económicos. Para territorios rurais ou menos urbanizados, a dixitalización é unha oportunidade para superar a brecha en termos de acceso a servizos, educación, emprego e desenvolvemento económico.

— Fomento da innovación e a investigación: os fondos tamén se destinan a proxectos de investigación, innovación e educación, o que ten un impacto directo na creación de emprego de alta calidade. Isto é importante para diversas rexións que buscan diversificar a súa economía e atraer investimentos en sectores de alta tecnoloxía, como a biotecnoloxía, as tecnoloxías da información e a intelixencia artificial.

— Fortalecemento da cohesión social e económica: os fondos tamén son clave para abordar os desafíos sociais derivados da pandemia, como o desemprego, a pobreza e a exclusión social.

— Investimentos en infraestrutura: estes investimentos non só melloran a calidade de vida dos cidadáns, senón que tamén xeran emprego a nivel local e contribúen ao desenvolvemento económico a longo prazo.

Transacción coa proposta de resolución número 3

Galicia acada máximos históricos no eido turístico o pasado ano 2024 cun volume de viaxeiros que supera os 8,2 millóns de turistas aloxados en establecementos da Comunidade, incluídos os aloxados en vivendas de uso turístico. En canto ao nivel de demanda, segundo o INE, este superou os 13,6 millóns de noites con 115 mil novas noites respecto do indicador de 2023. Ademais, a Comunidade consolida o seu crecemento desestacionalizado con incrementos ao longo do ano en meses fóra de tempada como maio, cun incremento do 11,1 por cento, novembro, co 12,2 por cento de suba.

O sector turístico galego está nun bo momento, e seguimos a traballar para que se poida consolidar como un destino preferente tanto para viaxeiros nacionais como internacionais, polo que cómpre primeiro, de forma prioritaria, promover un turismo de calidade e sustentable.

Temos que ter en conta tamén que un turismo de calidade non só respecta o medio ambiente, senón tamén os costumes, as tradicións e o patrimonio cultural das comunidades locais e o patrimonio inmaterial do carácter acolledor da sociedade galega, para así potenciar un turismo que valore a autenticidade dos destinos, as identidades culturais e evitar a homoxeneización das experiencias turísticas, tal e como se recolle na Estratexia de Turismo de Galicia 2030.

Galicia ten que seguir innovando e diversificando a súa oferta, o que non só atrae turistas máis interesados en experiencias específicas, como o turismo de aventura, o turismo gastronómico ou o cultural, senón que tamén axuda a reducir a dependencia dun só tipo de turismo. Isto permite un desenvolvemento turístico máis sólido e menos vulnerable a crises específicas que poidan afectar un sector concreto.

PARLAMENTO DE GALICIA

Proposta de resolución número 4

No punto 2, Balance da acción exterior galega, débese engadir o seguinte texto en relación co despoboamento de zonas rurais:

O futuro demográfico das zonas rurais máis despoboadas depende principalmente da inmigración, pero gran parte do posible éxito das medidas que se propoñan dependerá do seu deseño institucional, da capacidade de adoptar un enfoque comprensivo no que se coide a coordinación das diferentes áreas de goberno e niveis administrativos, e se involucre a todos os axentes afectados.

Doutra banda, a repoboación é un proceso de longo prazo que depende, fundamentalmente, do benestar no novo territorio pero tamén da acollida no territorio de chegada e do seu potencial de desenvolvemento.

Galicia ten que implementar políticas de acollemento que contribúan a acadar o reto demográfico e a compensar o saldo vexetativo negativo que arrastramos na última década.

Transacción coa proposta de resolución número 8

Nestes anos, a intelixencia artificial, ou as IA, especialmente as xenerativas, eclosionaron como tecnoloxía central. China e EEUU rivalizan nesta tecnoloxía de punta, a computación cuántica e a biotec, e en xeral toda a *Big Tech*.

Proposta de resolución número 9

No punto 6.1 B, Estratexia microeconómica exterior: exportacións e expedicións de bens e servizos, investimentos no exterior e captación de investimentos, débese incluír o seguinte texto:

A falta de remuda xeracional no sector primario, que inclúe actividades como a agricultura, a gandaría, a pesca e a silvicultura, é un desafío crecente.

Os agricultores, os gandeiros e outros traballadores do sector primario están a envellecer sen que haxa suficiente xente nova que tome a substitución. Isto contribúe ao despoboamento das zonas rurais.

As prácticas agrícolas e gandeiras tradicionais poden desaparecer se non se transmiten ás novas xeracións, o que podería afectar a biodiversidade e os costumes locais.

Se non hai suficiente man de obra nova no campo, pode haber unha menor produción agrícola e gandeira, o que pon en risco a capacidade dos países para proveren alimentos de maneira sustentable.

E, finalmente, esta falla de remuda xeracional pode diminuír a competitividade do sector primario, afectando o seu crecemento e á súa capacidade para xerar emprego.

A acción exterior galega tamén ten que ir enfocada a paliar isto a través da captación de man de obra estranxeira que poida favorecer esta ausencia de remuda xeracional e consolide poboación nos territorios máis rurais.

PARLAMENTO DE GALICIA

Transacción coa proposta de resolución número 10

O fenómeno crecente das vivendas de uso turístico. A recente e rápida proliferación deste tipo de vivendas é un tema que require un equilibrio entre os beneficios económicos do turismo e o benestar social e económico dos residentes permanentes, con solucións adaptadas ás diferentes realidades locais, e segundo recolle o Decreto autonómico 12/2017 que as regula, dando seguridade xurídica ao propio procedemento e aos afectados, como deberían ter feito os concellos aplicando as súas competencias, tal e como recolle e permite a normativa autonómica no decreto.

O turismo de concertos e festivais. Galicia conta cunha rede de festivais de referencia internacional para os diferentes estilos musicais, como *Os concertos do Xacobeo*, *O Son do Camiño*, o *Resurrection Fest*, o Festival de Ortigueira, *PortAmerica* ou o Festival do Noroeste. Todos eles constitúen un intercambio cultural e un reclamo para o turismo, que se traduciu na visita en 2023 de máis de 1,6 millóns de turistas que acudiron atraídos por estas citas.

Transacción coa proposta de resolución número 11

O marisqueo de a pé atravesa un momento crítico en Galicia, polo incremento das choivas, o que provoca a baixada da salinidade, a suba de temperatura no Atlántico, a causa do cambio climático, e, por suposto, a contaminación e o descenso do vento do nordeste, que imposibilitan a renovación da auga, ocasionando o enfraquecemento das especies.

NOTA: o texto de cada sector inserirase na parte acorde no texto orixinal.

Finalmente procédese ao trámite do punto terceiro da orde do día:

Punto 3. Designación da Ponencia do Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital
15320 (12/PL-000006)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 130f2, do 12.12.2024

O presidente dá conta das designacións formalizadas por escrito polos grupos parlamentarios: Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 19484, 19348 e 19330, respectivamente).

En consecuencia, a Ponencia encargada de emitir o informe sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, queda integrada polas seguintes persoas:

G.P. Popular de Galicia
Carmen María Pomar Tojo (titular)
Raquel Arias Rodríguez (suplente)

PARLAMENTO DE GALICIA

G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Olalla Rodil Fernández (titular)
Iago Suárez Fernández (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia
Silvia Longueira Castro (titular)
María del Carmen Rodríguez Dacosta (suplente)

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece o traballo prestado polos Servizos da Cámara, así coma o traballo e bo ton das súas señorías e levanta a sesión

Remata a sesión ás 13:45 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto primeiro da orde do día.)

Julio García Comesaña

V. e pr.
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.25 10:28:12 +01'00'

Paloma Castro Rey

Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2025.03.25 09:37:58 +01'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión